



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «Pola urxencia da aprobación do convenio da Avda. de Celanova por requerimento da Xunta de Galicia»
Data	18 de outubro de 2018
Duración	Desde as 13:00 ata as 13:15 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL CABAS LOPEZ
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34374297S	ISIDORO SANCHEZ BLANCO	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	NON
44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. MONTSERRAT LAMA NOVOA: «Motivos persoais»		

Asiste a Adxunta a Secretaría **dona M.^a Dolores Fernández Salgado.**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación do carácter urxente da sesión

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Pola Presidencia xustifícase a urxencia da sesión pola necesidade da aprobación do **“Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Xinzo de Limia, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruras rurais, determinadas e fincas e redes secundarias de faixas de xestión da biomasa”**.
A urxencia resulta aprobada por unanimidade.

Expediente 6184/2018. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU-532 (AVENIDA DE CELANOVA) A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Sra. Secretaria da lectura do ditame da **Comisión de Obras, Urbanismo e Infraestruturas, de data 18/10/2018**, do seguinte teor literal:

“ Vista a Proposta da Alcaldía, de data 17/10/2018, do seguinte teor literal:

“(…) Visto informe asinado polo Concelleiro de obras de data 15 de outubro de 2018 de xustificación da necesidade de execución da actuación e da colaboración financeira da Axencia Galega de infraestruturas do seguinte teor literal:

“**INFORME DA NECESIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN E DA COLABORACIÓN FINANCEIRA DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU-532 (AVENIDA DE CELANOVA) A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

Xinzo de Limia é a capitalidade da comarca da Limia, e sobre ela pivotan as estradas que vertebran o seu territorio, ademais de ser o punto de conexión coa rede de alta capacidade, en concreto coa A-52. Dende o punto de vista da rede autonómica, converxen no núcleo de Xinzo as estradas OU-531 (Celanova), OU-301 (Bande) e OU-304 (Baltar e Portugal), todas elas con orixe na N-525. Sen embargo, a travesía da N-525 converteuse no eixo do crecemento urbano de Xinzo, e con ela os treitos máis próximos das estradas autonómicas mencionadas. A funcionalidade da N-525 de servir de soporte da mobilidade interurbana e do longo percorrido foi trasladada á autovía A-52 de conexión coa meseta, e os enlaces da A-52 pasaron a ser atractores do tráfico de toda a Limia.

Cómpre adecuar a configuración da rede viaria de Xinzo de Limia á súa realidade funcional, liberando tráfico e cargas administrativas sobre treitos urbanos de antigas estradas que a día de hoxe son rúas, e adecuando a sección dos viais que dan soporte a tráfico interurbano.

Segundo o indicado pola Axencia Galega de Infraestructuras isto se logra cunha estratexia que se materializa en catro liñas de actuación:

* A reforma do treito máis urbano da OU-531 (Avenida de Celanova), conferíndolle as características e funcionalidade dunha rúa, e mesmo limitando o tráfico nun sentido, no trazado da antiga estrada resolvendo a circulación no inverso pola vía de servizo. Cómpre destacar que toda esta parte conta a día de hoxe cunha calzada mínima entre dúas ringleiras de plátanos de sombra, e esta configuración é perigosa para unha rúa, ao impedir ampliar a dimensión dos carrís, diminuír a visibilidade dos peóns ao cruzar a calzada e dificultar o funcionamento das redes de servizos urbanos, en particular a evacuación das augas pluviais.

* O acondicionamento de varios viais de titularidade municipal, que de modo efectivo configuran unha alternativa de circunvalación de Xinzo de Limia evitando transitar polos treitos máis urbanos das estradas autonómicas.

* A adecuación da travesía da N-525 (Avenida de Madrid), que quedará liberada de tráfico unha vez que entre en servizo a alternativa viaria de circunvalación sinalada anteriormente.

* A racionalización da titularidade dos viais, de modo que o concello asuma a titularidade dos treitos máis urbanos das estradas autonómicas OU-531 e OU-301, evitando a carga administrativa que implica a normativa en materia de estradas sobre os mesmos. Ademais, a Xunta de Galicia asumiría un pequeno treito dun vial municipal para unir a OU-531 coa N-525 dun modo máis directo e con maior funcionalidade, ao estar moito menos urbanizado e finalizar nunha glorieta existente da N-525.

En relación a necesidade de colaboración financeira da Axencia Galega de

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Infraestructuras, a intervención municipal informou o seguinte:

“INFORME DE INTERVENCIÓN EN RELACIÓN Á NECESIDADE DE COLABORACIÓN FINANCEIRA DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS PARA AO ACONDICIONAMENTO DA OU-531 (AVENIDA DE CELANOVA), A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E A RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

Visto borrador do CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU-531 (AVENIDA DE CELANOVA), A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E A RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA, esta intervención informa que é imprescindible para a financiación das obras descritas no mesmo a colaboración financeira da Axencia Galega de Infraestructuras, pois a execución das devanditas obras e elaboración do proxecto de obra da Avenida de Madrid (para o que se destinarán os 10.000 euros que é preciso xustificar no ano 2018), supón un importe total de 2.018.086,15 euros, e o Concello de Xinzo de Limia ten limitada a inversión segundo o vixente Plan de Axuste a 650.000 euros anuais. Dado que o total desta contía de 2.018.086,15 se financia pola AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS, a sinatura do Convenio non supón custo o Concello.”

Por outra banda, infórmase que o presente Convenio non ten carácter contractual, senón que ben regulado pola Lei de subvencións de Galicia, entre outra normativa.

Visto informe da secretaría municipal de data 15/10/2018 sobre o procedemento a seguir,

Visto que no proxecto “Reformulación da actuación de acondicionamento na Avenida Celanova” se recolle que “(...)Se consultó con el Servicio de Protección y Fomento de la Subdirección Xeral de Protección de” Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia la afección de la obra al Camino de Santiago. Según información recabada el trazado oficial del Camino Sudeste-Vía de la Plata no está aprobado definitivamente pero si está superada su información pública.

No obstante, la protección de los Caminos de Santiago se establece en la Ley 5/2016, del 4 de mayo, del Patrimonio Cultural de Galicia en cuyo Título VI y Disposición transitoria sexta se indica que en el caso de rutas de los Caminos de Santiago que no cuenten con una delimitación definitivamente aprobada vendrán definidas por el trazado determinado en los expedientes previos incoados, que en el caso de la vía de la Plata se referiría a los procedimientos de delimitación y deslinde publicados en el Diario Oficial de Galicia nº 15, de 23 de enero de 1998.

De acuerdo a esto para la redacción del proyecto se consultó la GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA AS ACTUACIÓNS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO de la Xunta de Galicia, teniéndose además presente que una vez aprobado el proyecto éste se deberá remitir a la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para su oportuna consideración(...)” esta Alcaldía informa que xa se solicitou, con carácter previo á aprobación do proxecto, a emisión de informe sectorial por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo se pode observar neste expediente.

Esta alcaldía informa asemade que se ten previsto realizar a xustificación do importe de 10.000 euros que ten como data límite o 30 de novembro do ano 2018 (cláusulas cuarta e quinta do borrador do Convenio) mediante a contratación dun técnico para a elaboración do proxecto “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DAS BEIRARRÚAS NA AVENIDA MADRID”.

Por último, esta Alcaldía informa que se tiña previsto incluír este punto da orde do día no pleno ordinario de outubro, por considerar que de aprobarse o convenio nesa data se podería cumprir sen problemas cos prazos de xustificación, sen embargo, recibíuse na Secretaría Municipal correo electrónico do seguinte teor literal:

“Bos días:

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xunzo de Limia

Con data 20 de setembro achegouse a través de NOTIFICA o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE XUNZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU-531 (AVENIDA DE CELANOVA), A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA.

O envío foi recepcionado o 21 de setembro e aínda non chegou a conformidade do concello e a documentación requirida. Atendendo ás das nas que nos atopamos deberan chegar a maior brevidade dita documentación para poder continuar coa tramitación do convenio.”

Á vista deste correo electrónico, faise precisa a convocatoria dunha comisión informativa de obras extraordinaria urxente, e posteriormente a convocatoria de plenario extraordinario urxente, para proceder a remitir a documentación requirida á maior brevidade posible.

Visto informe técnico de data 17/10/2018.

Feitas as anteriores consideracións,

PROPOÑO O PLENARIO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

1) APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE XUNZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU 531 (AVENIDA DE CELANOVA) A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA.

2) ACORDAR O INICIO DOS TRÁMITES PARA QUE O CONCELLO RECIBA A TRANSFERENCIA DOS TREITOS URBANOS NO CONCELLO DE XUNZO DE LIMIA DAS ESTRADAS OU-531, OU 301 E OU 304, SEGUNDO O PREVISTO NA CLÁUSULA TERCEIRA DO CONVENIO.

3) COMUNICAR O PRESENTE ACORDO O ARQUITECTO MUNICIPAL PARA QUE PROCEDA A INFORMAR A LEGALIDADE DOS PROXECTOS “Reformulación da actuación de acondicionamento na Avenida Celanova” e “Mellora da mobilidade en Xunzo de Limia mediante o acondicionamento de diversos viais municipais”, ASÍ COMO A NECESIDADE DE INFORMES SECTORIAIS QUE DEBERAN EMITIRSE CON CARÁCTER PREVIO A APROBACIÓN DOS PROXECTOS, CO OBXECTO DE QUE SE FOSE NECESARIA ALGUNHA MODIFICACIÓN DOS MESMOS, SE REALICE CON CARÁCTER PREVIO A SÚA APROBACIÓN E LICITACIÓN.

4) INICIAR OS TRÁMITES PARA A CONTRATACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NAS BEIRARRÚAS DA AVENIDA MADRID”, PARA QUE POSTERIORMENTE, POR PARTE DO ARQUITECTO MUNICIPAL SE INFORME A LEGALIDADE DO MESMO, E A NECESIDADE DE INFORMES SECTORIAIS QUE DEBERÁN EMITIRSE CON CARÁCTER PREVIO A SÚA APROBACIÓN E LICITACIÓN DAS OBRAS. (...)”

Ditámínase favorablemente por unanimidade de tódolos concelleiros, a seguinte proposta de acordo:

1) APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE XUNZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU 531 (AVENIDA DE CELANOVA) A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA.

2) ACORDAR O INICIO DOS TRÁMITES PARA QUE O CONCELLO RECIBA A TRANSFERENCIA DOS TREITOS URBANOS NO CONCELLO DE XUNZO DE LIMIA DAS ESTRADAS OU-531, OU 301 E OU 304, SEGUNDO O PREVISTO NA CLÁUSULA TERCEIRA DO CONVENIO.

3) COMUNICAR O PRESENTE ACORDO O ARQUITECTO MUNICIPAL PARA QUE

Concello de Xunzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

PROCEDA A INFORMAR A LEGALIDADE DOS PROXECTOS “Reformulación da actuación de acondicionamento na Avenida Celanova” e “Mellora da mobilidade en Xinzo de Limia mediante o acondicionamento de diversos viais municipais”, ASÍ COMO A NECESIDADE DE INFORMES SECTORIAIS QUE DEBERAN EMITIRSE CON CARÁCTER PREVIO A APROBACIÓN DOS PROXECTOS, CO OBXECTO DE QUE SE FOSE NECESARIA ALGUNHA MODIFICACIÓN DOS MESMOS, SE REALICE CON CARÁCTER PREVIO A SÚA APROBACIÓN E LICITACIÓN.

4) INICIAR OS TRÁMITES PARA A CONTRATACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NAS BEIRARRÚAS DA AVENIDA MADRID”, PARA QUE POSTERIORMENTE, POR PARTE DO ARQUITECTO MUNICIPAL SE INFORME A LEGALIDADE DO MESMO, E A NECESIDADE DE INFORMES SECTORIAIS QUE DEBERÁN EMITIRSE CON CARÁCTER PREVIO A SÚA APROBACIÓN E LICITACIÓN DAS OBRAS”

Seguidamente o **Sr. Alcalde** da paso á quenda de intervencións.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** di que vai a apoiar a moción pero de todos os xeitos en relación ó Proxecto Avenida de Celanova deberíase cambiar algunha cousa. Ademais, dado que o arquitecto indica que non é preciso exposición pública do proxecto, solicita o Concello que se poña en contacto cos afectados e se convoque Comisión Informativa ó efecto. Sen embargo, dado que neste momento simplemente se vai a aprobar o Convenio, manifesta o seu apoio.

O **Sr Manuel Pérez Campos** tamén se manifesta a favor aínda que o proxecto non é o que houbera realizado o seu grupo. Considera que se está a perder a ocasión de establecer direccións únicas como se está a facer noutras cidades, e cre que o motivo de non telo feito así e a presión dos “lobbies”. Engade que se debera ter feito unha circunvalación como é debido. Ademais, lamenta o feito de que non se expuxera o proxecto os veciños.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** di que por fin 17 meses despois de que se renunciara a levar a cabo o proxecto anterior se trae o novo ó plenario, inda que o novo leva feito dende maio. Engade que o proxecto vaia dar resposta o interese dos veciños por manter as árbores e cubrir as necesidades que teñen os veciños en relación as beirarrúas entre outras. Por parte da oposición xa se lle pediu ó grupo de goberno que se reunira cos veciños e como queira que non se fixo e polo que se reitera que se leve a cabo un exercicio de información veciñal para que os mesmos aporten melloras ó proxecto. Asemade sinala que como queira que quen vaia a executar as obras é o Concello de Xinzo e sendo que na cláusula sexta do Convenio prevé a posibilidade de que se constituía unha Comisión de seguimento, é polo que solicitamos ó grupo de goberno que se constituía a citada Comisión na que forme parte un representante da oposición se pode ser. Engade que non se pode votar en contra deste proxecto pola súa magnitude, e que espera que se lle de solución o saneamento na marxe dereita. Por último, remata a súa intervención dicindo que no seu grupo se alegran de que se asine o convenio, e esperan que as obras se realicen o antes posible.

O **Sr Carlos Gómez Salgado** agradece a oposición o apoio posto que o Convenio vai

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

mudar o urbanismo de Xinzo, engadindo que o anterior Alcalde don Antonio Pérez Rodríguez loitou moito por este acordo. Finaliza a súa intervención dicindo que recolle as suxestións da oposición e que se fará a Comisión de seguimento.

O **Sr Alcalde** responde, en relación a intervención de don Ramiro Rodríguez Suárez, na que o portavoz do grupo mixto manifestou que é preciso darlle unha volta ó proxecto, que dende a Xunta están abertos a calquera cambio e mellora que poida establecerse nas reunións cos veciños. En relación á intervención de don Manuel Pérez Campos sobre a posibilidade de establecer unha vía única, di que a dificultade das árbores impediu realizar unha vía máis ancha, e que o ideal é que se poida ir e volver.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1) APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA O ACONDICIONAMENTO DA OU 531 (AVENIDA DE CELANOVA) A MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE AUTONÓMICA.

2) ACORDAR O INICIO DOS TRÁMITES PARA QUE O CONCELLO RECIBA A TRANSFERENCIA DOS TREITOS URBANOS NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DAS ESTRADAS OU-531, OU 301 E OU 304, SEGUNDO O PREVISTO NA CLÁUSULA TERCEIRA DO CONVENIO.

3) COMUNICAR O PRESENTE ACORDO O ARQUITECTO MUNICIPAL PARA QUE PROCEDA A INFORMAR A LEGALIDADE DOS PROXECTOS “Reformulación da actuación de acondicionamento na Avenida Celanova” e “Mellora da mobilidade en Xinzo de Limia mediante o acondicionamento de diversos viais municipais”, ASÍ COMO A NECESIDADE DE INFORMES SECTORIAIS QUE DEBERAN EMITIRSE CON CARÁCTER PREVIO A APROBACIÓN DOS PROXECTOS, CO OBXECTO DE QUE SE FOSE NECESARIA ALGUNHA MODIFICACIÓN DOS MESMOS, SE REALICE CON CARÁCTER PREVIO A SÚA APROBACIÓN E LICITACIÓN.

4) INICIAR OS TRÁMITES PARA A CONTRATACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NAS BEIRARRÚAS DA AVENIDA MADRID”, PARA QUE POSTERIORMENTE, POR PARTE DO ARQUITECTO MUNICIPAL SE INFORME A LEGALIDADE DO MESMO, E A NECESIDADE DE INFORMES SECTORIAIS QUE DEBERÁN EMITIRSE CON CARÁCTER PREVIO A SÚA APROBACIÓN E LICITACIÓN DAS OBRAS.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia